

TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS
Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia
Proxectos de conservación-restauración
Departamento: Xestión e actividade profesional

| | | | |
|-------------------------|------------------|------------------------|---------------|
| Formación básica | Curso: 4º | 2º Cuadrimestre | 4 ECTS |
|-------------------------|------------------|------------------------|---------------|

Teórica
Profesor: Clara Alonso López
calolop@edu.xunta.gal
Horario: 2 horas semanais
DESCRIPCIÓN DA MATERIA

O proxecto de conservación-restauración. Definición da estratexia de estudo e intervención. Planificación e xestión dos estudos, criterios, actuacións preventivas, intervencións, labores de mantemento e actuacións de seguimento e control. Memorias, prego de prescricións técnicas, especificacións, orzamentos e programación. Estudo da seguridade, saúde e impacto ambiental. Documentos profesionais. Xestión de licitacións, proxectos e intervencións en conservación-restauración.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

| | |
|-----|--|
| T11 | Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara a diversidade. |
| T12 | Adaptarse, en condicións de competitividade aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada. |
| T13 | Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional. |
| T16 | Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e medioambiental. |
| T17 | Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos. |

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

| | |
|-----|--|
| X5 | Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de prevención, conservación e/ou restauración máis axeitado. |
| X7 | Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración. |
| X9 | Coñecer e aplicar a deontoloxía profesional e a normativa relativa aos bens culturais e a súa conservación e restauración. |
| X12 | Elaborar proxectos de conservación-restauración, determinar follas de prescricións técnicas e elaborar orzamentos. |
| X14 | Coñecer a lexislación relativa ao exercicio profesional e os recursos para a incorporación ao mercado profesional. |
| X15 | Coñecer os riscos laborais e as medidas e normas de seguridade e saúde e a súa aplicación para o restaurador, os bens culturais e o medio |
| X17 | Determinar e aplicar as condicións axeitadas para a conservación preventiva do ben cultural “in situ”, durante a exposición, almacenaxe, transporte ou depósito. |
| X20 | Ter a capacidade para obter, presentar e difundir información sobre os bens culturais e a metodoloxía |

CURSO ACADÉMICO 2023-2024

| | dos procesos de conservación e restauración. |
|--|--|
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE | |
| EA2 | Decidir e executar os tratamentos de conservación e restauración de bens arqueolóxicos máis adecuados a cada caso, poñendo en práctica os coñecementos, os criterios, os procedementos técnicos e as habilidades e destrezas na súa realización. |
| EA3 | Redactar e dirixir proxectos de conservación e restauración dos bens que integran a especialidade de arqueoloxía e asesorar tecnicamente na súa realización. |
| EA6 | Asesorar tecnicamente organismos, institucións, empresas e particulares sobre o estado e as medidas de conservación relativas a bens culturais propios da especialidade. |
| EA8 | Realizar unha análise crítica da metodoloxía, os tratamentos e os materiais empregados e avaliar a eficacia da intervención realizada. |
| EA10 | Utilizar os recursos que as novas tecnoloxías facilitan para o desenvolvemento de exercicio profesional. |
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA | |
| | Deseñar e desenrolar proxectos de conservación e restauración de bens culturais, así como planificar, executar e/ou supervisar a súa execución. |
| | Elaborar a documentación técnica do proxecto, xestionar orzamentos e control de calidade, así como manexar a documentación final do proxecto. |
| | Xestionar grupos de traballo e coordinar equipos multidisciplinares no marco dun proxecto de conservación-restauración, establecendo un diálogo con outros profesionais relacionados co ámbito do patrimonio cultural. |

| UNIDADES DIDÁCTICAS | | |
|---|--|---------------------|
| Unidade | Subtemas | % da materia |
| 1. Principios teóricos e metodolóxicos da intervención no patrimonio cultural. A cadea lóxica de intervención no patrimonio cultural. | | 15 |
| 2. Figuras de intervención no patrimonio cultural. Accións regulares e proxectos. | | 10 |
| 3. Caracterización do proxecto como ferramenta de intervención no patrimonio cultural. | 3.1 Características xerais e clasificación. O ciclo do proxecto. 3.2 Nocións de xestión de proxectos. Deseño de proxectos e estrutura dun plan de proxecto. | 15 |
| 4. Documentos que compoñen un proxecto de intervención no patrimonio cultural. Conservación e restauración de bens culturais. | | 15 |
| 5. Elaboración de orzamentos. | | 15 |
| 6. Contratación, deseño e xestión de proxectos . | | 15 |
| 7. Seguridade e saúde no marco dos proxectos de conservación-restauración. | | 15 |

PLANIFICACIÓN DOCENTE

| Metodoloxías | Horas aula | Horas fóra | Total |
|-------------------|------------|------------|------------|
| Sesión maxistral | 20 | | 20 |
| Estudo autónomo | | 20 | 20 |
| Traballo tutelado | 16 | 44 | 60 |
| Total | 36 | 64 | 100 |

METODOLOXÍA DOCENTE

| Metodoloxía | Descrición |
|-------------------------------|---|
| Sesión maxistral | Exposición das bases teóricas da materia, sobre as que construír o traballo autónomo, utilizando as sesións maxistras e outras ferramentas aportadas. |
| Traballo tutelado | Actividades de aplicación dos coñecementos. Deseño e planificación polo alumnado dun proxecto de conservación-restauración sobre suposto ou caso real, coa orientación e ferramentas proporcionadas polo profesor |
| Estudo e/ou traballo autónomo | Estudo individual, utilizando diversas fontes (documentación aportada polo profesor – plataforma Moodle-, bibliografía, etc.). |

SISTEMAS DE AVALIACIÓN

| Método | Criterios | % avaliación |
|-------------------------|---|--------------|
| Probas escritas | Cualificación das probas | 70% |
| Exercicios prácticos | Avaliación continua a través do seguimento dos traballos. | 25% |
| Observación sistemática | Participación na aula | 5% |

OUTROS COMENTARIOS A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- A asistencia considérase obrigatoria.
- Avaliarase de forma continua o progreso do proceso de aprendizaxe.
- Aqueles que, por non asistiren, perdan o dereito a avaliación continua deberán en calquera caso presentar os traballos individuais propostos ó longo do curso.
- De cara á avaliación extraordinaria proxectaranse nas titorías didácticas os procedementos de recuperación previos, alternativos ou complementarios a proba escrita, a realizar no mes de xullo.

ADAPTACIÓNS CONTEMPLADAS ANTE UNHA ENSINANZA TELEMÁTICA

- Emprego da plataforma moodle (respetando a estrutura de contidos descrita para a ensinanza presencial) para compartir apuntamentos e contidos co alumnado, así como para programar e entregar



as tarefas. Posible uso de foros e/ou pequenas tarefas de seguimento tipo test ou de resposta curta, no caso dun confinamento prolongado ou corentena de todo o grupo.

- Plataforma Webex para vídeo-clases e vídeo tutorías: clases online, posta en común das lecturas realizadas, tutorías, etc.
- Emprego do correo electrónico *edu.xunta* e do sistema de mensaxería de moodle: notificacións e comunicación en xeral.
- De darse o caso, realización da proba escrita a través de moodle.
- Os criterios de avaliación manteranse, en principio, conforme están expostos para a docencia presencial.

ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofrecerase atención personalizada ao alumnado durante todo o curso. As tutorías docentes ofreceranse no horario establecido ó efecto.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

- Bermúdez, A. y otros, *Intervención en el patrimonio cultural. Creación y gestión de proyectos*, Editorial Síntesis, Madrid 2004.
- Gómez Galán, M., & Sainz Ollero, H. (1999). *El ciclo del proyecto de cooperación al desarrollo. La aplicación del marco lógico*. CIDEAL, Madrid.
- Sepulcre Aguilar, A. (2008). *¿Obras o servicios? Conflictos en los contratos de restauración*. Pátina. Pp. 205-218. Madrid.
- López Bravo, Carlos. *Regulación Jurídica de los Proyectos de Conservación y Restauración de Bienes Culturales*. Revista Patrimonio Cultural y Derecho nº5, Madrid 2001.
- Monjo Carrió, Juan y otros. *Metodología de la restauración y de la rehabilitación*.(1999) Editorial Munilla –Lería, Madrid.